

Naïf, hoxe

Os paxaros tamén migran ao sur

· Silverio Cerradelo · Xerais, 2007 · 166 páx. · 14,80 euros

A gañadora do VI Certame de Creación Literaria Terra de Melide comeza cunha advertencia do autor na que dá conta do proceso da súa escrita. O máis interesante que nos descobre Silverio Cerradelo é que a novela foi escrita ao tempo en tres idiomas (castelán, catalán e galego), dun xeito meticuloso e a partir da acumulación de notas e apuntamentos. Máis aló do recurso de verosimilitude (o relato está estruturado precisamente en centos de fragmentos e mesmo se explicita que son manuscritos), ábrese a porta de ler *Os paxaros tamén migran ao sur* como unha novela *naïf*, para o bo e para o malo.

Léase *naïf* no senso que se lles aplica a certos artistas de comezos do século XX (con Henri Rousseau á cabeza, arroupados polas vangardas) e non só na súa acepción literal nin tampouco no xeito no que os surrealistas se apropiaron daqueles pintores domingueiros.

Léase *naïf* no primitivismo (presuntamente superado) dos personaxes: o protagonista, vido do delta do Ebro, declárase disidente nunha sociedade viciada da que só se pode desmarcar aceptando a marxinalidade que lle ofrece a súa amante a cambio dunha relación substancialmente erótica, explicitada ao longo de toda a novela e reafirmada no debate arredor da prostitución que exerce a protagonista.

Léase *naïf* na presenza dunha paisaxe vizosa: a Barcelona postolímpica (estanse a “poñer de moda” os móbiles, indícasenos) preparada para se converter no escaparate postmoderno que desaloxa barrios enteiros, mais descrita a golpe de tardes de outono e paseos polo barrio chino. Cerradelo propón un escenario incómodo, habitado case exclusivamente por inmigrantes e definido contra os lugares de orixe dos seus paseantes.

Léase *naïf* na sinxeleza da prosa de Cerradelo, que descobre en ocasións torpeza somnámbula. O seu estilo ten unha vocación naturalista afortunadamente frustrada polas sombras do real que percorren toda a novela: o cadro de Van Gogh que colga no cuarto dos amantes e na capa do libro é un espellismo construído sobre calquera postal selvática de Rousseau.

// X. Carlos Hidalgo Lomba